

REGULAMENTO DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO

Aprobado por Consello de Goberno do 30 de outubro de 2019

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Este regulamento ten por obxecto regular o procedemento para a concesión anual de premios extraordinarios en ensinanza universitaria conducentes á obtención de títulos de máster universitario impartidos pola Universidade da Coruña (UDC).

Artigo 2. Procedemento

2.1. Os premios extraordinarios de máster universitario serán concedidos polo Consello de Goberno por proposta da Xunta de centro correspondente.

2.2. O expediente de concesión de premio extraordinario de máster iníciase coa correspondente convocatoria ditada por Resolución reitoral.

2.3. Os premios extraordinarios concederanse por titulacións entre o alumnado que rematase os seus estudos na UDC na primeira ou segunda oportunidade do correspondente curso académico. O número máximo de premios extraordinarios a conceder por titulación e curso académico será un por cada vinte alumnos/as ou fracción que rematasen os seus estudos no devandito curso académico.

2.4. A valoración dos expedientes académicos para propoñer a concesión de premios extraordinarios será realizada pola Comisión Académica de cada Facultade ou Escola ou por un tribunal para cada titulación. Este tribunal estará formado por tres profesores/as con vinculación permanente á Universidade e será aprobado pola Xunta de centro, por proposta do/a decano/a ou director/a e tras a consulta aos/ás directores/as dos departamentos. Actuará de presidente o profesor cunha maior categoría e, dentro dela, con maior antigüidade, e como secretario o profesor con menor categoría e, dentro dela, con menor antigüidade.

2.5. A convocatoria destes premios extraordinarios realizarase anualmente polo Reitor ao longo do primeiro cuadrimestre do curso académico seguinte ao que correspondan os premios a conceder.

Artigo 3. Requisitos

3.1. Para obter o premio extraordinario será necesario ter, como mínimo, unha nota media de notable no expediente académico. Concederase aos alumnos con mellor expediente nun número non superior nin inferior ao que corresponda por titulación de acordo co indicado no apartado 2.3 do artigo 2 deste regulamento.

En caso de empate, o premio outorgarase aos estudantes con Matrícula de honra no Traballo de fin de máster. Se persistira o empate, o tribunal deberá motivar a súa concesión tendo en conta criterios académicos adicionais.

3.2. A concesión de premio extraordinario, ademais de figurar no diploma acreditativo que expida a Universidade, farase constar fidedignamente no expediente do alumnado e naqueles documentos oficiais nas condicións que a normativa vixente prevea.

Disposición Final

1. Facúltase á persoa titular da vicerreitoría con competencias en xestión académica para interpretar e desenvolver esta normativa.

2. A presente norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, segundo o previsto na Disposición adicional segunda da Lei do Sistema Universitario de Galicia.